

ATLANTICA

festival internacional de narración oral



XULLO 2021

ORGANIZA

**AT
LAN
TICA**

festival
internacional de
narración oral

INTRODUCE



Deputación
DA CORUÑA



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA

festivalatlantica.gal

ÍNDICE

Atlántica 2021	3
Os artistas	4
Thomas Bakk	5
Marcelo Ndong	6
Sofia Maul	6
Eugenia Manzanera	7
José Luis Gutiérrez 'Guti'	8
Leticia Ruifernández	8
Pep Bruno	10
Anxo Moure	10
Atenea García	11
Avelino González	12
Brais das Hortas	12
Cándido Pazó	13
Celso F. Sanmartín	14
Charo Pita	14
Cris de Caldas	15
Fátima Fernández	16
Fran Campos	16
Larraitz Urruzola	17
Lorena Pinheiro	17
Luis Prego	18
Manuel Gago	19
Marga Alborés	20
Marta Ortiz	20
Pablo Díaz	21
Pakolas (Paco Cerdeira)	22
Paula Carballeira	23
Pavis Pavós	24
Quico Cadaval	24
Ramiro Neira	26
Raquel Queizás	26
Santi Prego	27
Soledad Felloza	27
Vero Rilo	28
Xurxo Souto	29
O programa	30
O equipo	36
Contacto	37

ATLÁNTICA 2021

Levamos todos máis dun ano coa parede da sala como único horizonte.

Por iso o Festival Atlántica, neste dobre Xacobeo, quere regalarlle ao seu público horizontes amplos, diferentes, fermosos, dourados polo sol, aireados polos ventos que chegan desde o mar, perfumados polas belidas flores que tapizan o país.

Historias contadas onde a historia foi deixando pegadas indelebles no mapa patrimonial. Castros e petróglifos, castelos e mosteiros, pazos e torres medievais; e, asemade, fragas e forestas, ríos e rías.

Para vires ao Atlántica este ano vas precisar calzado de sendeirismo por veces; outras, unha manta, e, se cadra, algunha botella de viño para brindarmos pola vida. Esa vida tan azoutada nestes últimos meses, pero defendida con unllas e dentes por un feixe de valentes homes e mulleres intrépidas.

As nosas redes recollidas aniñan xa nas dornas. Vesnos chegar a porto?

Somos unha vez máis nós, tolos, os artistas, os que envolvemos soños con feitos para traerchos coma un galano.

Sen pantallas, de viva voz, desde a esencia.

Como peregrinos da palabra que fomos de sempre, os contadores e contadoras de historias sairemos ao teu encontro, onde queira que te atopemos, habémosche contar unha chea delas.

Porque só as palabras, as historias, as persoas, serán quen de conseguir que o mundo recobre a quietude, o acougo perdido.

Porque houbo, hai e debe de haber sempre unha vez, convidámoste a viaxar connosco, coas estrelas como luz e coa rosa dos ventos como guía.

Ven, acompañanos nesta nova camiñada inzada de contos.

Coma sempre "mariñeiros cara o mar, as estrelas a brillar".

Obxectivos do Festival

- Difundir e preservar a tradición oral galega e de todas as culturas do arco Atlántico, de aí o seu carácter internacional.
- Indagar nas raíces colectivas das historias do Océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron difundindo polos camiños do mar.
- Celebrar a madurez e calidade do movemento da Narración Oral Galega, referente a nivel internacional pola súa identidade de longa tradición.
- Dar visibilidade as novas voces da Narración Oral Galega, depositarias das voces antigas e garantes da preservación da memoria e tradición oral.
- Vencellar o pasado co presente e o futuro que representan os nenos e nenas, vinculeiros do patrimonio inmaterial único que representan os contos.

OS ARTISTAS



THOMAS BAKK
(Brasil)

Thomas Bakk, brasileiro, naceu no Rio de Janeiro en 1963 e vive en Portugal desde hai máis de 20 anos. Formado en arte dramática no Brasil, na Escola Estadual de Teatro Martins Pena, defínese a si mesmo como “contautor”. Contador de historias, autor, actor, dramaturgo e poeta, ten máis de 50 obras publicadas, e unha vintena delas foron xa representadas en Portugal, Brasil e Angola. Como letrista ten composto para incontables bandas sonoras teatrais, mesmo ten participado co músico brasileiro Lenine na creación das letras de “A cor del’ arte” e “Aviso aos navegantes”, pezas teatrais da súa propia autoría. Foi tamén guionista da Rede Globo, profesor de educación artística e investigador literario. No momento presente ten centrada a súa actividade profesional cara á narración oral, levando contos creados por el a hospitais, cárceres, ONG’s e aos máis importantes festivais de narración oral de España e Portugal. Ten participado con asiduidade tamén en conferencias e sesións de narración en congresos, bibliotecas, librerías, feiras do libro, escolas, facultades, asociacións, espazos culturais, institucións públicas e empresas por todo o país veciño. Nas súas sesións, Bakk adoita narrar e interpretar varias personaxes, utilizando o teatro, a música e a interacción co público, nunhas sesións sorprendentes e divertidas.

CONTOS DOUTRAS TERRAS E MARES | Público mozo e adulto

Unha viaxe sen fronteiras pola cultura dos máis diversos países. Conta cun repertorio de narrativas orixinais e de tradición oral, que vai da sátira á parábola, sobre temas que abordan valores humanos e sociais, desde os máis remotos tempos até á actualidade. O espectáculo propón unha aventura desacougante, onde o brío das palabras é a áncora que ten a finalidade de provocar a reflexión de forma ben humorada, nesa xeografía dos contos doutras terras e mares.

CONTOS QUE NON SE CALAN SOBRE BECHOS QUE FALAN | Público Infantil

Un paseo lúdico polas fábulas memorábeis que habitan o imaxinario popular, o tempo en que os animais falaban. Conta cun repertorio de historias fabulosas, orixinais e de tradición oral, onde os bichos son personificados con valores humanos, nun xogo narrativo cuxa finalidade é discutir a ética e a cidadanía dunha sociedade recreada a partir deses contares que non se calan, sobre bichos que falan.



Marcelo Ndong naceu en Guinea Ecuatorial e con 12 anos ingresou na Escola de Circo da 'Ciudad de los Muchachos' de Ourense. Formou parte da compañía oficial do Circo 'Los Muchachos', onde traballou como acróbata, malabarista, clown e cómico, e coa que realizou xiras por todo o mundo.

En 1976 matriculouse na Universidade de Santiago de Compostela e ese mesmo ano comezou os seus espectáculos como mimo en rúas e locais de España, Francia, Alemaña e Italia. Tamén colaborou en montaxes teatrais, cine e danza con diferentes grupos de Europa e América.

Dende 1990 vive en Guinea e traballa como animador no Centro Cultural Español, como profesor de teatro e director da escola de circo de Malabo. Na actualidade rexenta unha modesta gardaría en Malabo que tódalas tardes se converte nun centro cultural improvisado e alternativo que acolle teatro, baile, maxia ou cine. A súa peripecia vital está recollida no documental 'Manoliño Nguema' de Antonio Grunfeld.

CONTOS DA MIÑA TERRA | Nenos maiores de 3 anos | Galego e castelán

QUE FAN OS FANG CANDO CONTAN CONTOS | Público adulto | Castelán

Os contos de Marcelo Ndong pertencen á cultura fang, con seis millóns de habitantes que se reparten entre Camerún, Gabón, Congo, Brazaville, República Centroafricana e Guinea Ecuatorial. Son esencialmente historias de animais cuxo comportamento ensina, desminte, pon en evidencia, alerta, relativiza a vida e as súas dificultades. Nestes contos, Marcelo Ndong móvese con precisión e efectividade, complementa o discurso verbal cunha xestualidade elegante e sosteno sobre chiscadelas, referencias e insinuacións.



[Sofia Maul](#) é unha contadora que exerce como tradutora e terapeuta da fala, principalmente con cativos xordos e plurilingües en Madeira. É cofundadora da asociación cultural sen ánimo de lucro Os Contabandistas, un grupo moi activo na promoción da narración oral como forma de arte performativa contemporánea. Ademais, é cofundadora do festival Terra Incógnita, e en setembro do 2016 organizou coa asociación Xarabanda o primeiro festival de narración oral de Madeira, EVA, Era uma vez no Atlántico.

CONTOS (DES)AMOROSOS

A explicación do amor é que amores hai moitos. Todos diferentes e todos cunha historia para contar.

O meu avó alemán namorou por carta en segredo á miña avoa durante catro anos, aforrando cartos en Madeira para poder vir con ela á Londres o día que ela cumpría 21 anos. Casaron catro días máis tarde. Foi esa avoa inglesa a que me contou historias de amor de todo o mundo incluíndo algunhas que escoitou nas conversas entre a cocifeira, a muller que pasaba o ferro e o poeta que regaba as plantas dos veciños.

CONTOS DA ILLA

Un espectáculo en portugués onde a artista compartirá co público as historias da súa illa natal, Madeira.

CHAPÉUS HÁ MUITOS E AMORES TAMBÉM!

Un achegamento á tradición oral lusófona da man dunha das súas contadoras máis reputadas. Maul adoita incluír no seu repertorio historias de Madeira, a súa illa natal, que reflicten a idiosincrasia deste cachiño de terra no medio do océano.



En 1992, despois de traballar con Achiperre e Comediants na Expo de Sevilla, crea a súa propia compañía compaxinando a narración oral co teatro. Especializouse en commedia dell'arte en Italia con Antonio Fava e entrou no teatro para bebés da man de Carlos Laredo. Aínda que non leve nariz, á actriz [Eugenia Manzanera](#) sáelle o clown polos catro costados. Encántalle provocar sorrisos, risos e gargalladas.

Nos seus espectáculos a palabra adquire unha gran forza combinada con xogos rítmicos sonoros, onde os obxectos sempre propoñen outra maneira de estar no mundo. En activo dende hai 30 anos, foi directora, produtora, dramaturga, actriz.. e, sobre todo, pallasa.

Manzanera colleitou varios galardóns na súa longa traxectoria como o premio Moretti co teatro infantil Cuéntame un cuento, ou o Premio do Público 2016 ao mellor espectáculo infantil na Fería de Teatro de Castela e León en Ciudad Rodrigo ou o Premio Fetén 2017 ao mellor espectáculo de pequeno formato para nenos, ambos por Retahilando. Dende 2017 coordina o Encontro de Pallasas de Salamanca, onde se da visibilidade á muller artista pallasa. Como contadora participou en numerosos festivais e encontros nacionais e internacionais de narración oral.

“UN, DOUS... O(U)VARIOS CONTOS...”

Cóctel xenérico feminino, cun chorro de picante e gotas de humor... que digo gotas...? Ides poñer as botas. Decorado con parasol caribeño, feminina, feminista, felina, felliniana. Degústase con palla retranqueira. Non o podes perder, ven saborear coas túas orellas a bebida favorita das Carapuchiñas Vermellas.

CONTOS GALIÑACEOS | Sesión de contos para nenos a partir de 3 anos.

Personaxes con pico para darlle ao pico. / Galiñas, curuxas, patos, rulas... algunhas perdices

Historias aladas para despegar e ser felices / Conto contado bota a voar

E se non é mentira... /será verdade!!



'Guti' é gaiteiro, cantador, bailador e sobre todo contador de historias. Realizou un inmenso labor de compilación etnográfica en longos seráns de cociña e serano, en vilas de Zamora, León e Salamanca. O seu traballo céntrase no uso de materiais recollidos directamente de narradores tradicionais, na súa maior parte anciás e anciáns do mundo rural. Traballou principalmente na contorna rural intentando dalgunha maneira restablecer a cadea de comunicación-transmisión da cultura oral rota pola condena dos anciáns ao silencio nunha sociedade dominada polo que se repite dende o televisor.

É habitual dos festivais de narración e colaborador en traballos discográficos de grupos como Mayalde, Bajo Duero ou La Ronda de Motilleja. Dirixiu unha morea de espectáculos sobre a tradición, publicou artigos relacionados coa etnografía en revistas como El Filandar e colaborou en moitas publicacións especializadas. Polo seu espectáculo *A pelo* recibiu no 2015 o Premio de Interpretación Masculina na XII Edición dos Premios Moretti de Teatro.

LOBADÍAS

Na Serra Segundeira, onde o oeste zamorano se fai galego, chaman "lobadía" ao lugar do lobo, e é o lobo naquel páramo de gando nómada, de vaqueiros, fuxidos e arrieiros, o señor de tódolos contos, e as súas presenzas as historias máis contadas.

Naquelas terras nas que Guti partiu o pan con pastores lendarios, con alimañeiros, rezadoras de responsos, xentes que nos camiños tantas veces atoparon á besta cara a cara, cos xuíces dos concellos de lobos, cos que buscaban as camadas e as paseaban, cos que levantaron os curros, cortellos, chorcos, as trampas para o lobo.

Lobadías son os contos, os romances, os saberes e as palabras secretas coas que Guti rende homenaxe a todas esas xentes que lle contaron sobre o lobo, do mesmo lobo que lle ensinou os dentes, ao que escoitou ouvear nas noites de outono e co que se cruzou tantas veces nos camiños.



Nacín en Madrid, onde estudei a carreira de arquitectura. Traballo creando libros como ilustradora e ás veces tamén os escribo. Publiquei máis de corenta libros e recibín premios tanto nacionais como

internacionais. Ademais de traballar para outras editoriais, desenvolvo proxectos máis persoais, como cadernos de viaxe ou unha serie de calendarios artísticos que edito dende hai 20 anos.

Moito do meu amor pola pintura e os libros intento transmitilo nos obradoiros de creatividade que ofrezco a persoas grandes e pequenas. Encántame coordinar murais de pintura efémera, nos que participan ata trescentas persoas.

Levo quince anos vivindo nunha pequena vila de Cáceres coa miña familia. Vivir na natureza inspira moito o meu traballo. Aquí é onde teño o estudio no que creo os meus libros, que se publicaron dende Canadá ata Corea.

Agora comezo un proxecto editorial que se chama Papel Continuo para poder sacar adiante algúns libros propios. Esta é a miña [web](#).

CADERNO DE ÚLTIMAS VOCES | José Luis Gutiérrez 'Guti' e Leticia Ruifernández

Espectáculo de presentación da viaxe á Raia e ao Poñente zamorano.

O noso Caderno de últimas voces son palabras e imaxes froito dunha viaxe ao cotián, á vida sinxela e á memoria das xentes da Raia. Duascentas páxinas e máis de cincuenta acuarelas que contan as historias de vinte resistentes na terra fronteiriza do oeste, palabras e memoria ao borde do esquecemento nunha contorna que se extingue.

O traballo consistiu en escoitar, encadrar e seleccionar as historias que nos confiaron, buscar a súa relación coa terra, co monte e con campo que as sosteñen, pensar en que palabra e acuarela contan o que conta a voz do vello, da vella.

Do libro nace o espectáculo, que invita ao espectador a lembrar a viaxe ás terras fronteirizas de Leticia e Guti. En escena vólvese á casa vella, á solaina, ao muiño. Son as historias persoais as que van dando forma ao retrato do vello e son os pinceis os que dirixen a voz e rematan as historias.

Cada persoa, cada informante, é froito de anos de traballo, de merendas, de bailes e tamén de tardes amargas na seguridade de que estas son as últimas palabras que serán escoitadas en moitas localidades desta muga do oeste pola que transitamos. Nas lembranzas e nas reflexións de cada un dos que se puxeron diante da gravadora e dos pinceis están a ledicia da infancia, da mocidade, do amor, as miserias da fame e da guerra, os medos, as bruxerías, a angustia da soidade, a realidade sen clixés dun mundo rural que xa é case sempre un recordo.

Cada entrevistado e cada retratado é un heroe, un resistente que decidiu aguantar aí no seu sitio, como as árbores, "aquí nacín, aquí quedo, aquí han de enterrarme", un xenio no uso da palabra precisa, un xeneroso filántropo que se somete a longas horas de enquisa e un anfitrión excepcional.

A voz e os pinceis repasan a vida dun informante, facendo aflorar as historias pequenas que explican a maneira de pensar, de vivir e de organizarse da comunidade que visitamos.

Son estas historias pequenas, ás veces cómicas, ás veces terribles, líricas ou radicalmente ferintes as que entendidas de maneira coral explican iso que chamamos cultura, modo de vida.

Respectamos a maneira de falar de cada informante, o seu uso da lingua, no posible a súa variedade dialectal, coa limitación só da razón que obriga a suxeitar a palabra contada ao salto escénico; non hai ficción nin retoque alén do que impón o respecto ao informante, ao seu pudor e á súa dor.

Nós quixemos estar aí tomando nota de todo na certeza de que gardar a memoria é, ademais dunha gratificante experiencia vital, un labor necesario para entender de onde vimos e que era esa terra que hoxe admiramos baleira e é a esa terra baleira ao que se asoma o público.



[Pep Bruno](#), barcelonés afincado en Guadalaxara, é licenciado en Filoloxía Hispánica, Teoría da Literatura Comparada e diplomado en Traballo Social. Comezou a contar contos en 1994 e desde aquela xa percorreu numerosos festivais de todo o mundo compartindo historias para nenos e adultos. Compaxina a súa actividade como narrador coa súa faceta de blogueiro e coa impartición de cursos, conferencias e obradoiros literarios e de creación. Tamén organiza actividades de animación á lectura, escribe artigos de reflexión en revistas especializadas e colabora decote cos medios de comunicación. No ano 2010, coa obra 'La familia C', ganou o III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado outorgado pola Editorial Kalandraka en colaboración co Concello de Santiago. Os seus libros están traducidos a máis de dez linguas.

CONTOS NO CAMIÑO | Pep Bruno

Os vellos contos da tradición oral, fieis compañeiros de viaxe dende o comezo dos tempos, nestes días volven dar un paseo por este camiño que tanto transitaron e tan ben coñecen. Son contos voadores, tecidos con palabras rodadas de boca en orella durante séculos, os que veñen para ser contados e escoitados de novo nestes lares, contos para camiñantes, para xentes da terra e, sobre todo, para quen anda con curiosidade e ganas de regalar a orella e o corazón.



Nado en Chantada o 28 de decembro de 1963, é un escritor e contacontos galego. Contacontos dende 1989 e barqueiro da A.C. Barcas do Miño con experiencia de 25 anos no manexo de embarcacións tradicionais e con actuacións no Miño e no Cabe, no Ulla e mais no mar da Illa de Arousa. As súas actividades son cómicas e divulgativas, enmarcadas no ecoloxismo e o ecopacifismo. Impulsou a creación do Cinema Palleiriso na aldea de Garabelos, na parroquia de Mariz.

A BARCA DOS CONTOS

Contos de xacias e homes peixe, papeiros e rabudos, contos para coidar os ríos. Sesións de contos de 15 minutos por viaxe cruzando o Miño dende O Saviñao ate Chantada (fronte a desembocadura do río Asma).

NUBINETE CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO | Público infantil | Galego

Trátase dunha proposta de viaxe de contos e cantigas ate as nubes para coñecer a problemática da contaminación e o cambio climático. Cun singular paraugas reciclado de nome Dameaugas os máis cativos intentarán conseguir que chovan contos, soños, esperanzas e futuro. Este espectáculo está baseado no libro *O paraugas Dameaugas* do propio Moure (ed. Urco) e forma parte do proxecto CUCO (Cultura Contra o Cambio Climático).



Atenea García é actriz e creadora escénica. Titulouse en Arte Dramática pola ESAD de Galicia no ano 2010. Durante os anos 2011 e 2012 viviu na cidade de Bos Aires; onde ampliou a súa formación no ámbito vocal e interpretativo con mestras como Jessica Pinkus ou Ignacio Monna. Trala súa volta a Galicia traballou como actriz no Colectivo Avoayouja formando parte de varias das súas montaxes.

No ano 2015 fundou co músico Nicolás Zamorano a compañía Xarope Tulú, adicada ao público infantil e xuvenil ademais de comezar a súa andaina como narradora oral labor que segue a desenvolver na actualidade. Desde o ano 2017 colabora como *performer* co colectivo Blanco&Roja e coa artista Alba Blanco. No ano 2019 traballou como actriz na montaxe Galego, *Neorretranca e posmorrña* do Centro Dramático. Ademais, neste mesmo ano pasa a formar parte da compañía Baobab Teatro protagonizando o espectáculo *Mai Mai*. No mes de maio do corrente ano, dentro do marco de Xarope Tulú, a actriz ven de estreiar o primeiro espectáculo para o público adulto da compañía, *De ti e mailo mundo que apañes*, baseado na obra poética de Xela Arias.

UTOPIÁS | Público infantil e familiar (+3) | 50 min

Utopías é un espectáculo dirixido a todos os públicos que combina a narración oral e a manipulación de obxectos. A través de diversas historias iremos descubrindo eses mundos invisibles que nos rodean, eses outros xeitos de vivir. Ratos na procura de novos camiños, rapazas que soben e baixan escaleiras e parrulos, moitos parrulos. Se queres vivir novas aventuras, achégate ao mundo das utopías e déixate levar.



É actor, contador, tradutor e director. Traballou en teatro, televisión, cine e bares. En compañías como Ollomoltranvía, en espectáculos como Commedia, en películas como *Heroína* ou *Gallego*, en series de televisión como *Padre Casares*, *Cuéntame*, *Hopital Central*... e o seu labor teatral foi recoñecido con varios Premios María Casares.

Cos contos xa percorreu Europa (Polonia, Alemaña, Suíza...) saltou o Atlántico (Cuba), e toda a península. Fixo dous espectáculos de contos para teatros. Un deles, *Vento mareiro*, foi o espectáculo máis representado en Galicia no 2005 e recibiu o Premio María Casares a Mellor Música Orixinal.

[Avelino González](#) pódese atopar en teatros ou bares, na gran pantalla e na pequena (a da tele, e tamén a do ordenador). Pode parecer moita cousa e moi distinta pero en realidade é a mesma cousa: contar ou axudar a contar as de outros en distintos formatos.

ABELLAS VIR, UN ENXAME DE CONTOS | Todos os públicos | 60 min

Imos facer un enxame de contos de abellas e mouras e xente. E son contos fantásticos!

PARECE MENTIRA, PERO... | Contos no camiño | Todos os públicos | 60 min

Dicía un meu veciño. "Se che dixera a verdade, mentiría". Así que eu vou mentir, e moito! Vou contar cousas de xente que son mentira. Se vos atopades algo de verdade, iso xa é cousa vosa.



Brais das Hortas é músico, narrador oral e clown. Como músico forma parte de Blues do País e Sacha na Horta. Tocou tamén en Sons Miúdos e Mamá Cabra, entre outros, amais de colaborar en numerosos proxectos (Ataque Escampe, Sofía Espiñeira...). Como clown e músico participa en dous espectáculos con Peter Punk Pallaso: *Concerto PunkInfantil* e *Peter Punk* e *O Neno Imperdible*. Na súa faceta de narrador oral leva máis dunha década na Tropa de Trapo con Marta Ortiz.

CONTOS PARA CAGHAR PATATILLAS | Público infantil e familiar | Galego | 60 min

Este espectáculo é unha mestura de música, clown e contos a partes iguais. Ao longo dos seus 50 minutos pode acontecer calquera cousa: que a Santa Compañía cante un trap, escoitar a verdadeira canción de

como morreu Tranquilo, que sete bruxas voen de Moaña a Sevilla nunha barca e mesmo crear instrumentos de refugallo en directo.



Cándido Pazó é un asiduo das programacións de narración oral: historias, contos, humor, monólogos...

Presente en numerosos eventos e festivais internacionais de oralidade de España, Portugal, Polonia, Alemaña, Bélxica, Croacia, Suíza, São Tomé e Príncipe, GuinéBissau, Colombia, Venezuela, Uruguai, Chile, Cuba, Brasil e Arxentina. Seleccionado polo Fórum Barcelona 2004 para facer temporada no seu espazo dedicado á oralidade.

Do 2000 ao 2008 foi profesor de narración oral na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto e imparte con asiduidade seminarios e cursos sobre a materia en distintas universidades e outros ámbitos de formación.

É autor da maior parte das súas historias (inda que tamén as recolle da tradición e da literatura) e ten quenencia polo chamado conto tabernario ou de tertulia: enfiados de anécdotas, sucesos e personaxes dos que demostran que a realidade supera á ficción.

Actor, narrador oral, autor teatral, guionista de series televisivas e director de escena con numerosos espectáculos estreados e premiados nos apartados de autoría, adaptación ou dirección, entre os que destacan: O Melro Branco (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989) Commedia, un xoguete para Goldoni (Premio Compostela 93 e Premio de la Crítica del País Valenciano 94), Nano (Premio María Casares 99 á Mellor Dirección e á Mellor Adaptación), O bululú do linier (Premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal), Ñiqui-Ñaque (Premio Max 2002 ao Mellor Texto en Galego), Bicos con Lingua (Premio María Casares 2004 ao Mellor Texto Orixinal), García (Premio María Casares 2005 ao Mellor Texto Orixinal), A Piragua (Premio María Casares 2008 ao Mellor Texto Orixinal), Emigrados (Premio Max 2008 ao Mellor Texto en Galego), Memorias dun neno labrego, (con case 200 funcións é un dos espectáculos máis representados do teatro galego), As do peixe (Premio do Público da Mostra Internacional de Ribadavia 2013 e Premio María Casares 2014 ao Mellor Texto Orixinal), A casa do avó (Premio María Casares 2015 ao Mellor Espectáculo Infantil), O tolleito de Inihsmaan (Premio María Casares 2017 á Mellor Adaptación) ou A galiña azul (Premio al Mejor Espectáculo de Títeres FETEN de Xixón 2018).

COMO DICÍA O OUTRO | Público adulto | 60 min

Unha hora de historias que parecen contos, contos que parecen de verdade, verdades que parecen mentira e mentiras que quen o diría!



**CELSO F.
SANMARTÍN**
(Galicia)

Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) é un poeta e contacontos galego. É licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén promotor de FoCuCu (Foro de Cultivos Culturais).

Como contacontos, Celso F. Sanmartín caracterízase polo seu labor como recolledor e reinventor de historias e contos. O seu repertorio está composto por historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea que presenta nos seus espectáculos como un verdadeiro tesouro, cheos de coidado, sentido e paixón pola oralidade, a comunicación e a lingua.

CANDO VIAXOU UNHA LINGUA DE LUME NUN CARRO DE HERBA SECA? | Público adulto | 75 min

Neste mes de maio os castiñeiros están botando a candea, ou a esfarna, ou a flor
neste mes os chalés en primeira, segunda e terceira liña de praia comezan a ser material e
imaxinativamente invocados

neste mes e nos que veñen, as hortas da costa andarán un mes por diante das hortas do interior

neste mes e nos que veñen, o sol quentará o que está frío, e enxoiará o que está húmido

neste mes xa están algúns xardíns cheos de roseiras floreadas, cheos de rosas

quen conta, nútrese, e en pago á vida en sociedade e en soidade, florea e acompaña



CHARO PITA
(Galicia)

Charo Pita naceu á idade de seis anos cando acabou de ler o seu primeiro libro. Leva contando historias de viva voz e impartindo obradoiros de narración oral e lectura en voz alta desde o ano 94, como narradora en solitario, dentro de espectáculos bilingües inglés-galego, ou en sesións nas que se combinan os contos e a música. Como escritora ten máis dunha ducia de libros publicados. Recibiu algúns galardóns literarios, como o premio Espiral Maior de poesía no ano 2001 ou o Manuel Murguía de narracións breves para adultos no 2018. Recentemente, o seu poemario 'O cuarto de Jane' gañou o primeiro premio do XV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas. Unha das súas facetas máis persoais é a de mesturar contos e música, de aí a súa participación en proxectos como 'A nena e o grilo no país das apertas' xunto a Magín Blanco, en 'Estamos no verán' xunto a Xoán Curiel ou en 'No país do vento' da man de María Faltri e Jorge Juncal.

MENÚ DE CONTOS | 3-8 anos | Galego

Neste espectáculo haberá historias con princesas, sapos, bruxos, bonecos, trens, fabas, reis, lúas ou camelos. Contos tan variados coma un menú de restaurante: historias salgadas coma as patacas fritas,

outras tristesiras coma os botes de espárragos e mesmo tenras coma os toriños de pescada. Dependerá do menú do día, de como veña a contadora e, sobre todo, de como sexa a fame dos que escoitan.

FÁBULAS NO BERCE | Bebés 0-3 anos | Galego

Charo Pita sérvese de pequenas narracións acompañadas de sons, monicreques e libros moi visuais para captar a atención deste público tan especial. Relatos sinxelos, ritmos e cancións para introducir aos máis cativos no universo das palabras.



Nacín entre os contos que me contaba a miña avoa Carmela para que comera, para que non comera tanto, para que deixara de gabear polas árbores, para que levantara o cú, para que falara, para que calara...

Deste xeito, aprendín que había un conto para cada ocasión. Tanto conto me arrolou que quixen saber máis deles, polo que non quedou outra que estudar filoloxía pero iso non foi suficiente. Eu quería vivir entre contos, así que logo prepareime para ser bibliotecaria. E aínda que é un traballo moi creativo e divertido, ás veces sinto que os contos queren saír dos andeis e eu lévoos comigo para que os escoite quen sabe facelo.

Outras veces, prefiro conversar con quen máis sabe e levar un anaco da nosa tradición no meu contar. Na actualidade, conto para todo tipo de públicos, para quen non ten nin un ano e para que pasa dos cen. Só se precisa orellas, para escoitar, corazón, para deixarse emocionar e boca para sorrir. Ti sabes escoitar? Pois eu teño un conto para ti.

UN FEIXE DE CONTOS

Do mesmo xeito que hai quen recolle herba para dar de comer, eu recollo historias para dalas a coñecer. Recompilo as historias de vida que máis emocionan e os contos que outros me contaron. Así é como eu carrexo un feixe de contos.

Ás veces, lévoos na cabeza e outros nas costas pero sempre preto de min para poder transmitilos a quen os precise. Porque para non esquecer eu preciso contar e a ti, vaiche prestar escoitar. Palabra de contadora!



**FÁTIMA
FERNÁNDEZ**
(Galicia)

Fátima Fernández é un alicerce fundamental da Semana da Oralidade de Lugo. É tamén fundadora e membro activo do grupo de teatro infantil “Matapiollos” e exerce como contadora de contos desde o ano 1988, un labor que compaxina coa dirección nun centro de maiores. Participa tamén en actividades de animación á lectura por bibliotecas de toda Galicia, dentro da programación do ‘Ler conta moito’, e ten coordinado diferentes eventos de lecer e tempo libre, e mesmo traballado en campañas de educación viaria coa DXT e a Cruz Vermella.

CONTOS DE AQUÍ E DE ACOLÁ | infantil

Contos recollidos en distintos pobos de Galicia, contos alegres e tristes, curtos e longos, de mulleres e de homes, de animais e de plantas, de todo e de nada, unha forma de mergullarse na maxia dos nosos costumes e pensamentos.



FRAN CAMPOS
(Galicia)

Fran Campos formouse en escolas de teatro así como en obradoiros e clases maxistras con mestres como Leo Bassi, Claudia Contín, Anton Valén, Josh Houben... Ademais de ser membro fundador de Bandullo Azul, leva máis de dez anos co Padre Merino, un espectáculo no que se mesturan o clown, o bufón, maxia, música..., percorrendo salas de pequeno e medio formato con máis de 300 funcións ás costas.

FILIPA COS CONTOS

Unha sesión filipante de contos para toda a familia. Historias tradicionais, música e o humor repártense entre os dous contadores que se suben a escena: o actor Fran Campos e a súa amiga Filipa, a que lle dará un valor engadido ás historias de carácter tradicional: a súa experiencias.

Haberá tamén historias cantadas. Historias e xogos de palabras feitas cancións. Historias non só do noso entorno máis preto, senón tamén doutras terras. Contos filipantes, contos cantados e acompañados dunha guitarra. Fran Campos e Filipa, os dous, e cada un ó seu xeito farán posible unha sesión para todos os públicos.

Tanto cativos como maiores poderán desfrutar, aprender, reflexionar... dende as súas distintas visións dos contos populares.



[Larraitz Urruzola](#) é actriz e creadora de propostas escénicas para público infantil e/ou familiar dende o ano 1989. De formación autodidacta e cun longo percorrido por varias compañías profesionais de teatro e monicreques, destaca pola súa capacidade de conexión e comunicación co público. Domina varias técnicas de manipulación de monicreques tanto para artes escénicas como para o formato audiovisual: Variña, sombras, guiñol, marionetas de fío, luz negra, monicreques de luva e mesa, bunraku... Destaca pola versatilidade estética e a súa variada tipoloxía da voz á hora de proxectar as súas personaxes.

Como artista e animadora sociocultural realiza obradoiros empregando o xogo dramático como recurso para contribuír á formación integral do individuo. Actualmente forma parte tamén da compañía de teatro e monicreques Babaluva á vez que mantén entidade propia como contadora e titiriteira con montaxes tan aclamadas como *A Viaxe de Rosalía*, *Dona Barriga Verde* ou *O Crebanoces* e unha colección de espectáculos de narración oral baixo o paraugas dos Babacontos.

A FESTA DOS MONICREQUES | nenos a partir de 4 anos | 50 min

Moitas das formas titiriteiras beben da cultura popular, dos mecanismos e utilización de materias que recoñecemos nos brinquedos tradicionais, nos cantos e na narración oral. A madeira, as teas, a herba trenzada están nos monicreques que levo para celebrar a festa por compartir todo ese coñecemento nunha conversa exemplificada con escenas de monicreques de variadas técnicas, poemas de Rosalía de Castro e cancións populares.



Lorena Pinheiro sabe contar historias dende que as historias veñen a ela. Críase nun bar de aldea no que aprende a aplicar o método da súa avoa: escoitar para captar toda a atención da familia nos xantares dos domingos, coas últimas novidades sucedidas na parroquia.

Lorena Pinheiro perfecciona o método Saladina formándose con Paula Carballeira, Celso Fdez Sanmartín, Raquel Queizás, entre outros para comezar a contar de maneira profesional no ano 2018. Forma parte dende os seus comezos do colectivo de narración oral NOGA.

Sendo unha das novas voces do panorama da narración oral galega, ten contado no Festival Falando a Boca Chea da Coruña, no Falar por Falar de Pazos de Borbén, no Festival Atlántica como novas voces, no programa da TVG Luar xunto a Celso Fdez Sanmartín, nas bibliotecas de Oleiros, e en escolas, institutos e ducias de centros culturais.

2 PASOS, 25 PESETAS

Emoción, diversión e tradición empregando como ferramenta un dos apeiros máis antigos da humanidade; as historias contadas. Conversas, contos e historias que veñen e van facendo parada na Funeraria, epicentro neuráxico de Salvaterra, onde se sitúa o bar familiar da narradora e o antigo teléfono público que daba liña cando o contador acendía en 2 pasos, por 25 pesetas.

Porque hai algo que sempre está na moda: a tentación de espreitar tras da porta. Porque hai algo que é tradición: a necesidade de contarnos a vida.



Mestre de baile e música tradicional dende 1989. Comezou no mundo da danza a idade de catro anos, na escola do prestixioso grupo vigués Lembranzas Galegas.

Estudoso e investigador do folclore tradicional galego. Autor dos libros *Para cantar e bailar* (Ed. do Cumio, 2008), e *Xogos musicais* (Ed. do Cumio, 2013). Ten participado en numerosas conferencias e escrito sobre o folclore tradicional en varias revistas especializadas. Creador e administrador da páxina de Facebook [Baile e música de Galiza](#), adicada a difundir os traballos de campo realizados por toda a xeografía galega dende finais dos 80 ata a actualidade. Creador e administrador da páxina [Un punto ao día con Luis Prego](#), feita para ensinar e divulgar a riqueza dos pasos do baile solto en Galiza.

Fundador e primeiro director do grupo O Fiadeiro de Vigo. Director dos grupos Albendeira, Tralovallo e Adonairare, entre outros. Director do Orfeón Mariñeiro do Berbés (da A.VV. do Casco Vello de Vigo). Ex director dos grupos Brincadeira de Santiago de Compostela e A Buxaina de Vigo.

Membro do grupo de música folk Ardentía co que xa ten gravados cinco traballos: Ardentía, Retellando, Quince anos de viaxe, Vintage e Adiante. Tamén colaborou en varios traballos discográficos como músico ou asesor, tales como In Mare, Se non fora por quen baila e Orfeón Mariñeiro do Berbés.

Ao longo da súa traxectoria ten impartido cursos e obradoiros de música e baile tradicional en numerosos centros galegos da diáspora: Arxentina, Perú, Brasil, Francia, España e Portugal. Na actualidade continúa a súa actividade docente nas disciplinas de gaita, requinta, acordeón, percusión, baile tradicional, canto tradicional e canto coral.

Recibiu recoñecemento público pola súa traxectoria profesional no X Día do orgullo gaiteiro, organizado pola AOFT Gomes Mouro, e no 75 Festival de música tradicional Os Alegres, organizado polo grupo de gaitas Os Alegres de Pontevedra.

ESEPECTÁCULO DE GAITAZUMBA

Unha sesión de música e baile para todos os públicos.



MANUEL GAGO
(Galicia)

[Manuel Gago](#) (Palmeira, Ribeira, 1976), é xornalista, escritor e comisario de exposicións. É director de culturagalega.gal, a plataforma de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Os seus últimos libros son a novela Nus (Xerais, 2021) e O sangue das pantasma (Festival Atlántica e Librería Couceiro, 2020). A súa última exposición é Galicia, un relato no mundo (Museo Gaiás, 2019). No ámbito da divulgación científica e cultural mantén colaboracións radiofónicas na Radio Galega e columnas en La Voz de Galicia, El Progreso e Diario de Pontevedra e é membro dos grupos de investigación en Novos Medios da USC e Romanarmy.eu.

TRALO RASTRO DO SANGUE DAS PANTASMAS | Roteiro

Compostela é unha cidade construída ao redor dun morto. Pero as súas pantasma -as súas historias de pantasma- poucas veces pasaron a ser parte do rico imaxinario da cidade. Este paseo comentado pretende explorar a gran riqueza fantasmal da cidade, a través de aves de ultratumba, nenos desaparecidos, apóstolos vingativos, anciás desconsoladas, espiritistas, voos astrais, cabaleiros atormentados e peregrinos *fake*. Este itinerario, baseado no libro *O sangue das pantasma* de Manuel Gago, será un camiño entre a realidade e a ficción, entre a imaxinación e os feitos que están -e continúan estando- na forxa dunha cidade única.

HEROES QUE DORMEN, HEROES QUE RESISTEN, HEROES QUE MUDAN | Conferencia e música

Gregos e romanos estaban convencidos de que os homes, a diferenza dos deuses, só podían ser inmortais cando acadaban unha sona tan definitiva que xa nunca puidera ser esquecida. Pero para as culturas atlánticas, os heroes poden ser esquecidos e revivir, tras un longo soño nas illas, cando os tempos son chegados; os heroes galegos teñen a propiedade de mudar de pel para vivir agachados no futuro. Esta intervención no Castelo da Frouseira, de a cabalo entre a narración oral e a conferencia, explora os sinuosos mecanismos de resiliencia, resistencia e subversión polos que na cultura galega, entre o culto popular, a tradición oral, as mitoloxías inventadas e a memoria colectiva, se forxan os heroes que viven, presentes ou agachados, no noso imaxinario.



Son Marga Alborés xubilosa paseante de Compostela. Gozo coñecendo as pétreas belezas ignoradas da cidade e as marcas que o paso dos tempos imprimiu en rúas e monumentos. Comecei interesándome polo bestiario fantástico das gárgolas e pola omnipresente figura do dragón. Apliqueime en comprender a linguaxe simbólica da portada de Praterías e a historia da representación da muller na iconografía da cidade. No blogue [Assegonia](#) hai guías de roteiros temáticos que mostran os resultados das miñas indagacións.

LITORELATOS | Ruta narrada polas gárgolas de Santiago de Compostela

En Compostela hai moitas pedras que dan testemuña do que aquí foi acontecendo. O cicel imprimiu mensaxes esquecidos e as pedras faladoras permanecen coma páxinas soltas dun libro de memorias da cidade, mostrando capas da súa cebola histórica.

Neste paseo dende sta Clara ata a Quinta Angustia, imos ler nas pedras todo tipo de documentos: actas de restauración, relatos gráficos, citas textuais, títulos de propiedade, contos, sucesos, soños, lendas, biografías... Todo iso inscrito nas ignoradas pedras da contorna da Almáciga.



Son catalá, de orixe andaluz e vivo e conto en Galicia dende o 2007. Así que tamén son galega de adopción e corazón. Vivín en varias cidades ata que cheguei a Santiago de Compostela. Alí foi onde descubrín os contos contados. En Santiago chovía tanto que un grupo de forasteiros empezamos a xuntarnos para contar historias e esquecer a choiva.

No 2007, xunto co músico e narrador oral Brais das Hortas, fundamos a compañía Tropa de Trapo e comezamos a contar contos con música polos institutos de Galicia. Tempo despois, tamén para público adulto, infantil e familiar. Dende 2017 comparto aventura como socia fundadora de Charlatana Cooperativa Galega de Artistas con outras tres compañeiras.

Conto soa e acompañada. Conto para todas as idades. Conto con obxectos, xogo co xesto, a rima e a música. O meu repertorio nace de contos tradicionais, de historias de vida, de recordos incompletos, onde realidade e ficción se entrelazan ata que non se sabe onde remata unha e comeza a outra.

GALICIA MÁXICA

Galicia máxica é un espectáculo de narración cheo de contos tradicionais galegos, romances, cancións e xogos da nosa tradición. Esta proposta é unha viaxe pola Galicia máis sorprendente, chea de seres máxicos, cancións, xogos e tradicións que gardan con elas costumes e sentires dun pobo.

Narración oral, música e manipulación de obxectos para poñer en valor e achegar a nenas e nenos o noso patrimonio cultural de forma divertida.

CANTA, BUGUINA, CANTA! | 0-3 anos | 40 min | Galego

Soprando a nosa buguina, comezaremos a viaxe polo mar. Visitaremos illas onde viven caracois, galiñas poñedoras e vacas. Regaremos a herba. Xogaremos coa marea que sobe e baixa. Cantaremos cancións sobre a lúa e faremos barcos de papel para continuar viaxando lonxe. Brincamos coa imaxinación recreando animais con obxectos, barcos e illas de papel, un mar de tea ao son da música e as palabras.

Canta, Buguina, canta! é un espectáculo para primeira infancia que ten como obxectivo xogar coa palabra e a poesía, coas cancións e contos, cos xogos visuais e sonoros que serán o berce da literatura.



Pablo Díaz é un prestixioso músico coruñés que debutou en 2009 apadriñado por Santiago Auserón co traballo discográfico *Tic tac* (ed. Kalandraka). A obra acadou un éxito espectacular en Galicia, xa que a primeira edición do traballo esgotouse en tres meses e vai xa pola quinta edición con máis de 5000 exemplares vendidos. Con este traballo resultou un dos tres finalistas nos premios galegos da música Martín Códax e foi o gañador do galardón “Anisia Miranda á creatividade infantil” en 2011.

En novembro de 2013 publicou o seu segundo traballo, *Toc toc* (ed. Galaxia), que serviu para reafirmalo na escena musical galega: premio ao mellor traballo de música infantil nos Martín Códax 2014 e unha xira por máis de 50 concellos de Galicia. Un ano máis tarde presentou un novo traballo máis íntimo e dedicado ao público de menor idade, *Xente miúda, moita fartura*, apostando nesta ocasión pola auto produción e coa colaboración de Tito Calviño e Carmen Rey.

A finais do 2016 publicou *Tic tac toc, ilustrado* por Almudena Aparicio. Con este espectáculo fixo unha xira por 50 concellos da nosa comunidade. O último traballo de Pablo Díaz é *Coas miñas mans*, que saíu ao mercado en xuño de 2018 con moi boa acollida por parte do público familiar.

CONTANDO NÚMEROS E CANTANDO CORES | Contos e música

Unha función que trata e reflexiona sobre a igualdade de oportunidades, sobre a equidade e, moi especialmente, sobre o respecto ás persoas. Para conseguir este obxectivo, o artista utilizará contos, algúns deles con música, para rematar cun pequeno concerto con cancións que versen sobre esta temática e que incluírá tamén algúns dos seus temas máis populares.



[Paco Cerdeira](#) (músico, compositor e produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 13 anos, que comezou os seus pasos como membro de Mamá Cabra (grupo de música didáctica infantil en galego), do que participou nos seus traballos durante mais de 10 anos continuamente, sendo eixo principal dos espectáculos desenvolvidos en coles, teatros e auditorios, librerías, bibliotecas, feiras do libro, etc.

No ano 2014 decide formar a súa propia banda de música infantil, dada a súa longa traxectoria neste eido profesional, e nace así A Gramola Gominola, editando así o seu primeiro traballo en Libro-Cd como o Autor en Marzo de 2015, por parte da Editorial Galaxia. Crea cancións para un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o Rock and Roll, explorando e mostrando moitos estilos da música contemporánea ligados ao rock, e sendo unha proposta didáctica para os máis cativos da casa.

No 2017 editase o segundo traballo da banda (homónimo) “Cancións para Desafinar”, de novo con ED Galaxia, no que nos convidan a todas e todos a rockear, e no ano 2019 publica o seu terceiro traballo, “Bravas. O rexurdir da Luz” cun espectáculo que xa está a percorrer Galicia con gran acollida entre o público. Os recoñecementos públicos de A Gramola Gominola logo chegan, estando nomeados aos Premios Galegos da Música Martín Códax na categoría Música Infantil, nos anos 2016 e 2017, e acadando o premio no ano 2018

No ano 2015 comeza a traballar no seu proxecto persoal en solitario, Pakolas, e nace así unha nova proposta para espectáculo individual. Segue traballando así con letras e composicións propias e mergullándose no mundo dos contos. O seu primeiro libro-cd en solitario, do mesmo título que o seu nome, “Pakolas” é editado pola Ed Galaxia (Sonárbore) en Novembro de 2017, co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA). Son 10 composicións, no que tamén trata de traballar a música dende unha nova perspectiva logopédica, non so de contar historias e contos e interpretalas músicas nos espectáculos. En 2020, e na mesma colección Sonárbore, sae editado este seu segundo libro-disco titulado “Ramona Órbita. A dona do tempo”.

RAMONA ÓRBITA, A DONA DO TEMPO | Concerto | público infantil e familiar | 60 minutos

En este espectáculo Pakolas preséntanos o seu último libro disco, editado en Sonárbore, na Editorial Galaxia (agosto 2020). Neste novo traballo contaremos e cantaremos a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, o seu mellor invento. Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Así, a través das cancións e a narración, imos saltando a diferentes épocas. Ramona viaxa á prehistoria a comer churrasco de mamut con Manolo Cavernario que acaba de descubrir o lume, visita a Leonardo Da Vinci no Renacemento, acode ao Antigo Exipto cun tal Ramsés que lle cheiran os pés, ou conversa cun robot que ten unha Roda Rota que se fai chamar Time, etc, todo ata chegar a Benvidas ao Futuro na que cantamos por unha sociedade mais ecolóxico e concienciada co respecto e coidado á natura.

Moitas personaxes poderedes atopar nos seus libros e discos, con historias das que aprender e gozar a ritmo moi rockeiro. En definitiva, un espectáculo para compartir cos máis pequenos e coa familia. Pakolas incluírá nesta montaxe algún dos seus éxitos anteriores, dos máis aclamados polo público.



Paula Carballeira, nacida en Maniños (Fene. A Coruña), aínda que despois de licenciarse en Filoloxía na Universidade de Compostela, quedou a vivir nesas terras. Narradora oral profesional desde 1994, actriz e escritora. Tivo a sorte de ser convidada aos principais festivais de narración oral nacionais e internacionais (Portugal, Polonia, Francia, Cabo Verde, Colombia, Perú, Ecuador, México, Costa Rica...). Ademais, mantén actividades regulares en bibliotecas e centros de ensino. Como actriz, é membro da compañía Berrobambán e participou en varias series e programas da Televisión de Galicia. Como directora de teatro, levou adiante producións infantís tanto na súa compañía como no Centro Dramático Galego ou noutras compañías. Como autora, ten máis de trinta títulos publicados, tanto de narrativa, como de poesía ou teatro, moitos deles traducidos a varias linguas: portugués, inglés, italiano, coreano, catalán, éuscaro..., algúns deles premiados e a maioría pensados tamén para a infancia e a xuventude.

OS CAMIÑOS MÁIS LONGOS | Público adulto | Galego

O camiño máis curto acaba sen decatarte, e con el a viaxe, na que te vistes dunha persoa que tamén es ti, pero con outra roupa. O camiño máis longo ten perigos, medos, lobos, espellos nos que te vas recoñecendo, refuxios, misterios, segredos.

Hai quen prefire non arriscarse, nin deterse, só asomar un chisco a cabeza por curiosidade. Pero hai quen escolle o camiño máis longo, e escolle tamén o seu propio tempo, o de escoitar os contos para lembralos no regreso. Cada conto desta sesión transcorre nun camiño, ou en varios, os que queiramos seguir.

HISTORIAS DE ARREPÍOS | Público adulto | Galego

O medo é unha das poucas cousas que non buscas. Ao medo atópalo. Os chamados “contos de medo” só perseguen o arrepío do momento, unha lixeira inquedanza, unha sensación de vento frío que che aloumiña o pescozo. Candeas, aparecidos, ánimas en pena, agoiros, avisos... Ben se pode dicir que o arrepío forma parte do outono e do inverno, e dalí proceden a maioría destas historias, das longas e escuras noites coa néboa ás portas.

Contos que foron tecendo narradoras e narradores anónimos, ás veces recollidos por escrito, a maioría transmitidos oralmente para lembrarnos que a morte está á espreita, e que por iso hai que sentir con intensidade, tremer rir cando o medo nolo permita, para esquecer por un momento o que agochan as tebras.



Pavís Pavós formouse como grupo de contacontos para público infantil no ano 1996 en Pontevedra. Traballa principalmente en Galicia con contos en galego e tratando de recuperar cantos, contos, adiviñas, refráns, fraseoloxía e xogos propios da nosa tradición. Tamén inclúen nos seus espectáculos contos de nova creación e formatos contemporáneos.

Por outra banda, a compañía adícase o labor da recuperación da oralidade e entre a súas tarefas tamén está a de recuperar as versións orixinais dos contos clásicos para que non desaparezan. Pavís Pavós está formado por Tareixa Alonso e Xacobe Rodríguez.

CANDO CHOVE E VAI SOL | Bebés | 30 minutos

Trátase dunha sesión na que os participantes escoitarán pequenas historias apropiadas para as primeiras idades, historias que falan das cousas cotiás enlazadas con ditos e cancións tradicionais e algunha composta adrede para a función.

As cores, as formas, os sons, o xogo e o ritmo conforman o seu eixo. Esta sesión vai dirixida aos bebés até 3 anos que poderán seguila dende o colo da súa nai, pai ou adulto que os acompañe que gozará igualmente destas pequenas historias e xogos. A compañía dos adultos é imprescindible pois serve de nexo entre os narradores e as crianzas.

O número de crianzas participantes será como máximo de 20. Poderán vir acompañados de un ou máis adultos se a capacidade da sala o permite, xa que consideramos importante o feito de que as persoas que se relacionan acotío cos cativos ademais de xogar con eles durante a sesión repitan estes xogos na casa e tamén lles sirva para lembrar outras cancións, xogos e contos.



Nace en Ribeira, na Ría de Arousa, onde Deus apoiou o dedo anular no seu día de descanso (o sétimo). O feliz natalicio produciuse no ano catro a.m.m.m. (antes da morte de Marilyn Monroe) nunha taberna, na que creceu. Na súa infancia conviviou con mariñeiros que extraían maxicamente bacallaus salgados dos seus pantalóns, quinquilleras que revelaba a berros a orixe da vida mentres devoraban carne asada e anciás que conseguían mexar de pé con precisión de cirurxiáns.

Polo modo que ten de falar de si mesmo parece que non ten avoa, pero a tivo e nótaselle moito.

Foi educado por un profesor entusiasta dos castigos físicos e da escritura barroca, na actualidade cronista local da cidade de Ribeira. Na súa época universitaria descoidou os seus estudos de arte para coquetear co amor, a política e a droga.

Recibiu moitas críticas dos seus amigos "junkies" polo consumo inmoderado de drogas brandas e mostos fermentados.

Dirixiu espectáculos de teatro coa presenza de orfas de fillos, quinquilleras, viúvas de carpinteiro, traficantes de toneis, palilheiras-macho, inmigrantes ilegais e xitanas vingativas. Escribiu pezas de teatro protagonizadas por traficantes mudos, deusas, piratas (sexo feminino), ociosos, aristócratas pintores, músicos ambulantes e vendedoras de amor ao pomenor.

Por se isto fose pouco, é omnívoro.

COMPLEXO DE EDIPO | Público adulto | 71 minutos

Gastronomía, épica, alta cultura, dixomedíxomes, psicanálises e noticias abraiante sobre a monarquía española. Todo en setenta e uns trepidantes minutos dun monólogo traxiridículo.

O espectáculo máis persoal de Quico Cadaval parte, ironicamente, dunha materia clásica, a patética historia e cruel extinción da familia real tebana. A historia do tabú preferido da cultura occidental foi contado dun millón de maneiras pero nunca así, como Cadaval lle explicou á súa nai. O feito remoto sucedeu nunha taberna das Rías Baixas de Galicia, un espazo público e doméstico ao mesmo tempo. A nai, sen descoidar, a súa cociña onde ferve e perfuma o aire a tenreira asada, quere saber os pormenores da traxedia tebana, e para iso interroga ao seu fillo. O relato adquire a forma de confesión que, dado o difícil que resulta pronunciar os lamentables feitos, vai constantemente aliviada polo humor. A historia cóntase en fila: desde o nacemento de Edipo á súa peregrina cegueira. Pasan pola escena imaxinaria, o soldado que o degolou, o pastor que o atopou, os nobres e anciáns pais adoptivos, o susto do oráculo, a vida criminal de Edipiño, un suave parricidio, o concurso televisivo da Esfinxe e o regreso triunfal ao seu Tebas natal, etcétera. Neste etcétera está incluído a voda coa súa propia nai e a posterior vida familiar. Non contaremos máis aquí, para que non pareza un programa televisivo de dixomedíxomes.

AUTOESTRADAS E CORREDOIRAS | Público adulto | 60 minutos

As historias máis extraordinarias sempre acontecerán nos camiños. Cada conto é unha viaxe e o seu escenario ideal é, consecuentemente, unha vía de comunicación. Os carreiros asombrados e as encrucilladas neboentas foron os lugares do medo da humanidade durante séculos, os lugares de luz indecisa onde se nos arrepiaba o espiñazo. Chegou o progreso, as luces das avenidas e as peaxes das autoestradas, mais o extraordinario non desapareceu, simplemente circula a maior velocidade. Axiña, axiña. En Autoestradas e corredoiras, Quico Cadaval presenta un repertorio que circula desde as camiñadas dos tempos de antes cos seus encontros imprevistos, ás etapas automobilísticas cos seus choques e cachizas de parabrisas. Unhas peixeiras co cesto á cabeza que teñen unha abraiante visión nocturna, un xeneroso condutor que sae da néboa para auxiliar aos feridos dun accidente múltiplo e o clásico moderno: un autostopista que ve como ven cara a el un vehículo que endexamais atopara antes.

Non descartamos que teñamos breves informacións sobre romarías, barracóns de monstros, ideario anarquista, polos de desenvolvemento franquista, a fotografía rural, protocolos hospitalarios, e centos de pensamentos que lle veñen á cabeza a quen escoita una historia.



Ramiro Neira é diplomado en Maxisterio, na especialidade de Audición e Linguaxe, conta con experiencia en Galicia como actor, director, docente, produtor e distribuidor teatral. Como actor traballou e traballa con diferentes compañías: Artestudio Teatro, Sardiña, Tea, Estragón, Grupo Institucional da Universidade da Coruña, Teatro da Bufarda, Espello Cóncavo, Teatro da Lúa, Casa Hamlet, Patatín e Patatán, entre outras.

Como docente e director coordinou grupos en Sardiña, Gangarilla, Instituto María Casares, Centro Fonseca, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Concello de Ordes, Fogar do Maior do Barrio das Flores, Artestudio e Forum Metropolitano.

Na súa faciana de produtor e distribuidor traballou con Teatro da Bufarda, Hac Luce Universidade da Coruña, Teatro da Lúa, UVG Teatro, Galileo Teatro, Ballet Studio, Paparota Teatro. Actualmente compaxina o seu labor como docente, actor e director coa coordinación de diferentes proxectos do Concello da Coruña e do Forum Metropolitano, como son o programa Horas Punta, Mostra de Teatro Escolar e os Encontros de Teatro Independente da Coruña.

ANIMALIÑOS | Público infantil | Galego

Peza de narración oral na que se contan e dramatizan contos da tradición oral de todo o mundo: Venezuela, Kenya, Rusia, etc. A través destas historias, o público, axudado pola súa imaxinación, vai visitar un bosque moi especial onde poderemos ver como os animais solucionan os seus problemas e como é a súa convivencia. Tamén imos coñecer á gata Kisha, a unha tartaruga moi intelixente, a unha pega moi larpeira, a un coello e a un loro que teñen unha granxa.

VOUCHE CONTAR | Público infantil e familiar | Galego

Escolma de contos da tradición oral de diferentes países que poñen o valor a sabedoría popular e a eterna e imprescindible transmisión da experiencia de xeración en xeración.



Nacín en Queirugás, unha pequena aldea preto de Verín (Ourense). Das historias que escoitaba aos meus avós xorde a miña paixón pola narración oral, pola lingua, pola lectura e polo teatro. Naquela época sabía a hora exacta polo sol, xogaba con bonecas feitas con carozos de millo e hipnotizaba galiñas. A pesar da

miña timidez, no patio do colexio reproducía para as miñas compañeiras e compañeiros esas historias escoitadas a carón da lareira.

Son actriz, monicrequeira, filóloga (Universidade de Santiago, 1998), e sobre todo, contadora de historias. O meu repertorio inclúe contos tradicionais, lendas de cada recuncho, adaptacións de contos de autor e historias propias. Quizais fose polos contos que me contaba a miña avoa (porque a memoria dos antepasados non só é vida, senón sabedoría pura), quizais porque a nena que levo dentro segue soñando con ese mundo de fantasía, fose como fose, os contos forman parte da miña vida persoal e profesional. Levo xa vinte anos inmersa profesionalmente no mundo dos contos e do teatro.

ONDA MIN | Público familiar, para nenas e nenos a partir de tres anos | 45 min

Ven onda min, que che conto... as historias que escoitei cando era coma ti e ía buscar o caldeiro de berberechos. Onda min lévanos á pesca das historias propias, da nosa memoria, da nosa tradición oral para alimentar as novas xeracións. Tamén embarcaremos nos libros para ir na procura de historias alleas, de outras terras ás veces tan diferentes ás veces tan semellantes ás nosas.



Santi Prego é actor de teatro, cine e TV, titiriteiro e narrador oral. Comezou a contar a mediados dos anos '90 en institutos e as súas historias xa pasaron por teatros, casas da cultura, bibliotecas e mesmo en programas da televisión como *Apaga a lus* e tamén na Radio Galega.

O TEATRO MÁIS PEQUENO DO MUNDO | Todos os públicos | 45 min

Neste espectáculo collen todo tipo de contos: os participativos, os improvisados, os da tradición oral galega e tamén as historias con bonecos. O xeito de contar de Prego é moi visual e aliméntase principalmente de fontes literarias. Nas súas historias sempre hai maxia e poesía e nunca falta un elemento de comicidade sutil.



A uruguaia [Soledad Felloza](#) dedícase á narración oral desde hai 25 anos. Tamén é docente, actriz, fotógrafa, escritora de literatura infantil e xuvenil e dramaturga, cunha ampla formación no campo do teatro

e no eido dos contos. Recibiu o Premio Europeo ao mellor conto para nenos e nenas por 'A cociñeira do rei' (Editorial Oqo). O seu programa de radio 'La casa disparatada' foi declarado pola UNESCO de interese por mor da súa contribución á difusión dos dereitos da infancia. Ten editados discos de contos para nenos baixo o título 'De Tin Marín', esgotados neste momento.

LEIREANDO | Público adulto

Leireando. Acción de coller o coche por unha estrada nacional, logo unha comarcal e tomar cada desvío que teña un letreiro rosa ou marrón. Tamén cando descubres no horizonte unha mámoa, restos dun castro, dunha torre ou catro pedras sospeitosas de ser "algo". E tamén, facer altos en pontes, fervenzas, muíños, eiras con xente traballando, aldeas con lavadoiros... Percorrer as leiras do mapa atopando historias, só cun destino fixo, a descuberta das memorias. Logo regresar a casa, con contos, e con patacas, e cebolas, grelos, ovos, chourizos. Agasallos da vida.

BAILAR NAS NUBES | Nenos 3-12 anos

Un espectáculo inspirado no libro de Vanina Starkoff, de Kalandraka, unha viaxe poética e visual para chegar a bailar coas nubes, protagonizado pola nena Mara.



Vero Rilo é narradora oral e educadora. Alá nos seus inicios comezou a súa andaina formativa no eido dos Servizos á Comunidade, e titulouse como técnica superior en Integración Social e máis tarde en Educación Infantil. Combinou con estudos iniciais en Lingua de Signos a titulación de Monitora de Tempo Libre. Fixo un pequeno percorrido polas facultades galegas para interesarse pola Audición e Linguaxe e a Educación Física (poderíase ler entre liñas que non chegou a rematar estas dúas últimas titulacións, pero a ela pareceulle ben).

Foi traballadora dende o ano 2010 na Rede de Escolas Infantís de Galicia- Galescolas e decide, despois de tres anos, marchar do proxecto para mergullarse no mundo da narración, cousa que xa viña investigando nos ámbitos da aula e da escola.

Aínda así non pon fin ao seu percorrido pola educación formal e comeza unha nova andaina como educadora da Rede de Escolas de Ensino en Galego Semente dende o ano 2015 ata o ano 2018 para logo mergullarse por completo no universo narrativo.

Fórmase con importantes e queridos referentes da narración oral galega e internacional como Charo Pita (grazas por ser o inicio), Tim Bowly, Quico Cadaval, Pepito Mateo, Nono Granero, Paula Carballeira, Rodorín ou Soledad Felloza e asiste as escolas de verán AEDA nos anos 2015, 2017, 2018 e 2019.

Cursa dous anos de formación actoral con Carlos Neira no centro EspazoAberto en Santiago de Compostela e formación regular en improvisación teatral cos mestres Antón Coucheiro e Alfonso Lupo. Tamén realiza un obradoiro de interpretación a cámara con Alfonso Zarauza. Recibe clases de técnica vocal con Pablo García Ferradás e Cristina Domínguez da Pena.

Vero Rilo nunca, por máis que o intente nestes anos, aprende a tocar a pandeireta.

LAVANDEIRAS | Público adulto | Galego

O oficio das lavandeiras forma parte do noso imaxinario colectivo. As mulleres á beira do río, de xeonllos, fregando a roupa tecen unha estampa que se repetiu ao longo da nosa historia. Ao seu redor, as lendas e os contos sucédense por toda a nosa xeografía, tanto física como identitaria.

Vero Rilo recolle ese patrimonio oral, dálle forma e agasállallo ao público, descubríndolle os outros relatos que rodean os lavadoiros: dende as lavandeiras nocturnas enchoupadas en sangue que xurdían da noite traendo malos presaxios até a traballo colectivo das lavandeiras de Redondela, na Illa de San Simón cando a guerra. Tamén conta de Manuela Lores, das fontes, dos ríos e de poñer os pés a remollo cada día...

A voz de Vero Rilo enfa estas pezas da nosa historia nun espectáculo único, de memoria e coñecemento, propio para un público adulto con curiosidade polo noso devir como pobo.

OUTRA VEZ! | Público infantil e familiar | Galego

Que pasa cando un espectáculo sae do catálogo? Onde acaban todas eses contos e músicas? E se non podemos separarnos delas? *Outra vez!* é unha selección de pequenas alegrías, unha escolma de contos de aquí e de alá para contar sen parar.



XURXO SOUTO (1966). Terrícolo redondo. Naceu na Coruña, cidade-barco, mais nada sabía das cousas do mar. Así que comezou a preguntar e a compartir polo medio que for tanta descuberta. No ano 1999 gravou cos Diplomáticos de Monte-Alto o CD «Capetón», nome en galego do mar de Cape Town, na fin de África. En 2006 dirixiu o programa «Mil Ribeiras», na Radio Galega. Escribiu «Contos do mar de Irlanda» (Xerais, 2014) e a novela «A gran travesía de Chiruca Macallás» (Xerais, 2018). Dúas décadas despois da súa aparición, recuperamos (en clave celebración) a primeira parte deste libro: «O retorno dos homes mariños» (Xerais, 1999, 2020), o relato dunha verdadeira iniciación oceánica. Porque, como dixo Staffan Mörling: «Non vivimos na fin da Terra, nós vivimos no centro do Mar».

O RETORNO DOS HOMES MARIÑOS

Xurxo Souto converteuse, por dereito propio, no narrador que mellor sabe ler o mar galego.

Neste espectáculo rescata un mito coruñés esquecido. «As veces téñense visto nesta praia algún peixes da mesma figura que homes e en todo se lles parecen, fóra que teñen mans e pés un pouco tortos por razón de andar sempre nadando como as ras. A estes peixes, por semellárense tanto aos homes, chámanlles homes mariños.» Tal escribiu Jerónimo del Hoyo, cóengo da catedral de Santiago, tras visitar A Coruña no século XVII.

A señora Laura, a sabia do mar, sabe todo o que se pode saber dos homes mariños. E Mercedes, que tamén é a protagonista da novela «A gran travesía de Chiruca Macallás», traballa nun taller téxtil. É «heavy» e soña con marchar polo mundo co seu conxunto musical. Cada noite, no taller, máis forte que o boureo das máquinas, sente unha voz que a chama: a canción do mar do Orzán.

O PROGRAMA*

*Este programa pode estar suxeito a modificacións

PROGRAMA ITINERANTE 'CONTOS NO CAMIÑO'

SARRIA | **Contos no camiño** | Pep Bruno | 4 xullo | 21 h | Praza de Santa Mariña | Adultos | Castelán

PALAS DE REI | **Contos no camiño** | Pep Bruno | 6 xullo | 21 h | Parada da Bestas | Adultos | Castelán

MELIDE | **Contos no camiño** | Pep Bruno | 8 xullo | 21 h | Praza | Adultos | Castelán

A GUARDA | **Parece mentira, pero...** | Avelino González | 6 xullo | 20 h | Porto de A Guarda - Muelle Alto | Adultos | Galego

ARCADE | **Parece mentira, pero...** | Avelino González | 8 xullo | 20:30 h | Multiusos Arcade (antiga fábrica de Carbuos Laforet) | Soutomaioir | Público familiar | Galego

CUNTIS | **Parece mentira, pero...** | Avelino González | 9 xullo | 20:30 h | Castro de Castrolandín | Público familiar | Galego

PROGRAMA ALFOZ

Onda min | Raquel Queizás | 4 xullo | 20:30 h | Castelo de Castro Douro | Infantil e familiar | Galego

Autoestradas e corredoiras | Quico Cadaval | 10 xullo | 20.30 h | Castelo de Castro Douro | Infantil e familiar | Galego

Heroes que dormen, heroes que resisten, heroes que mudan (música e historias da Historia) | Manuel Gago, Mano Panforreiteiro | 11 xullo | 20:30 h | Castelo da Frouseira | Adultos | Galego

PROGRAMA BRIÓN

O teatro máis pequeno do mundo | Santi Prego | 9 xullo | 20:30 h | Torres de Altamira | Adultos | Galego

PROGRAMA CUNTIS

Como dicía o outro | Cándido Pazó | 9 xullo | 21:30 h | Castro de Castrolandín | Adultos | Galego

Historias de arrepíos | Paula Carballeira | 10 xullo | 22:30 h | Castro de Castrolandín | Adultos | Galego

PROGRAMA DODRO

Lavandeiras | Vero Rilo | 10 xullo | 21 h | Lavadoiro de Lestrove | Adultos | Galego

PROGRAMA FERROL

Contos da miña terra | Marcelo Ndong | 1 xullo | 19 h | Biblioteca Municipal | +3 | Castelán e galego

Que fan os fang cando contan contos | Marcelo Ndong | 1 xullo | 21:30 h | Biblioteca Municipal | Adultos | Castelán

Contos galiñáceos | Eugenia Manzanera | 2 xullo | 19 h | Biblioteca Municipal | bebés | Castelán

Un, dous... o(u)varios contos | Eugenia Manzanera | 2 xullo | 21:30 h | Biblioteca Municipal | Adultos | Castelán

Cando viaxou unha lingua de lume nun carro de herba seca? | Celso F. Sanmartín | 3 xullo | 21:30 h | Biblioteca Municipal | Adultos | Galego

PROGRAMA FOLGOSO DO CAUREL

Menú de contos | Charo Pita | 10 xullo | 19 h | Castro de Vilar – Lugar de Froxán | Adultos | Galego

PROGRAMA FRIOL

Vouche contar | Ramiro neira | 7 xullo | 18 h | Museo Fortaleza San Paio de Narla | Infantil e familiar | Galego

PROGRAMA LALÍN

Autoestradas e corredoiras | Quico cadaval | 2 xullo | 20 h | Carballeira do Rodo | Adultos | Galego

A festa dos monicreques | Larraitz Urruzola | 4 xullo | 18 h | Museo Municipal | Infantil e familiar | Galego

Abellas vir, un enxame de contos | Avelino González | 4 xullo | 19 h | Alvariza de Ramón, Finca Zarra dos Curtizos (Zobra) | Adultos | Galego

PROGRAMA MONDOÑEDO

Cando viaxou unha lingua de lume nun carro de herba seca? | Celso F. Sanmartín | 1 xullo | 21.00 h | Ponte do Pasatempo | Adultos | galego

A festa dos monicreques | Larraitz Urruzola | 10 xullo | Hora por concretar | Alfar dos Muíños | infantil e familiar | Galego

PROGRAMA O SAVIÑAO (CHANTADA)

A barca dos contos | Anxo Moure | 3 xullo | Mañá e tarde | Embarcadoiro do Saviñao | Grupos reducidos, inscrición previa | Galego

A barca dos contos | Anxo Moure | 3 xullo | Mañá e tarde | Embarcadoiro do Saviñao | Grupos reducidos, inscrición previa | Galego

PROGRAMA OURENSE

Canta, buguina, canta | Marta Ortiz | 2 xullo | 12 h | Soportais da biblioteca na Praza da República | Bebés | Galego

O teatro máis pequeno do mundo | Santi Prego | 8 xullo | 13 h | soportais da biblioteca na Praza da República | Adultos | Galego

PROGRAMA OUTEIRO DE REI

Utopías | Atenea García | 10 xullo | 19.00 h | Casa Museo Manuel María | Infantil e familiar | Galego

PROGRAMA OUTES

Contos galiñáceos | Eugenia Manzanera | 3 xullo | 19.00 h | Praia de Broña | Bebés | Castelán

Un, dous... o(u)varios contos | Eugenia Manzanera | 3 xullo | 21.30 h | Pontenafonso | Adultos | Castelán

Que fan os fang cando contan contos | Marcelo Ndong | 10 xullo | 21.00 h | Cruceiro de Roo | Adultos | Castelán e galego

O retorno dos homes mariños | Xurxo Souto | 13 agosto | 21.00 h | Terraza náutico do Freixo | Adultos | Galego

PROGRAMA PADERNE

Cando viaxou unha lingua de lume nun carro de herba seca? | Celso F. Sanmartín | 4 xullo | 20:30 h | Praza de San Xulián | Adultos | Galego

PROGRAMA PAZOS DE BORBÉN

Contos para caghar patatillas | Brais das Hortas | 14 xuño | 12:30 h | Auditorio Concello | Actividade concertada centro escolar | Galego

Nubinete contra o cambio climático | Anxo Moure | 16 xuño | 12:30 h | Auditorio Concello | Actividade concertada centro escolar | Galego

PROGRAMA PEDROUZOS

Onda min | Raquel Queizás | 14 xuño | 10:30 h | Carballeira de Santa Minia | CEIP Pedrouzos | Galego

Leireando | Sole Felloza | 16 xuño | 10:30 h | Carballeira de Santa Minia | CEIP Pedrouzos | Galego

Contando números, cantando cores | Pablo Díaz | 17 xuño h | 10:30 | Carballeira de Santa Minia | CEIP Pedrouzos | Galego

Menú de contos | Charo Pita | Carballeira de Santa Minia | 18 xuño | 10:30 h | CEIP Pedrouzos | Galego

PROGRAMA A POBRA DO CARAMIÑAL

Outra vez | Vero Rilo | 1 xullo | 20:30 h | O Piñeiral, Praia da Illa | Infantil e familiar | Galego

Como dicía o outro | Cándido Pazó | 4 xullo | 21 h | Castro da Croa de Posmarcos | Adultos | Galego

Lobadías | José Luis Gutiérrez 'Guti' | 9 xullo | 21:30 h | A Portela, Serra do Barbanza | Adultos | Castelán

PROGRAMA RIBEIRA

O retorno dos homes mariños | Xurxo Souto | 4 xullo | 21 h | Castro da Cidá | Adultos | Galego

Os camiños máis longos | Paula Carballeira | 8 xullo | 21 h | Parque de punta do castro | Adultos | Galego

PROGRAMA SABUCEDO

Complexo de Edipo | Quico Cadaval | 9 xullo | 21 h | Curro de Sabucedo

PROGRAMA SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 de xullo

Galicia Máxica | Marta Ortiz | 11 h | Monte do Viso | +4 | Galego

Contos galiñáceos | 12 h | Eugenia Manzanera | Xardín de Fontiñas (Detrás CSC) | +3 | Castelán

Fábulas no berce | Charo Pita | 19 h | Palco música Alameda | Bebés | Galego

Un, dous... o(u)varios contos | Eugenia Manzanera | 21:30 h | Bonaval | Adultos | Castelán

2 de xullo

Contares que non calan, contos de bechos que falan | Thomas Bakk | 11:30 h | Parque Eugenio Granell | +5 | Portugués de Brasil

Contos da miña terra | Marcelo Ndong | 12 h | BP Ánxel Casal | 3-8 | Galego

Cando chove e vai sol | Pavís Pavós | 19 h | Palco música Alameda | bebés | Galego

Contos da miña terra | Marcelo Ndong | 19 h | Cemiterio de Bonaval | 3-8 | Castelán

O sangue das pantasma | Manuel Gago | 19:30 h | Cidade Vella | Adultos | Galego

Cando viaxou unha lingua de lume nun carro de herba seca? | Celso F. Sanmartín | 21:30 h | Bonaval | Adultos | Galego

3 de xullo

Gaitazumba | Luis Prego | 12 h | Praza Cervantes | Infantil e familiar | Galego

Vermú de contos | Pakolas | 12 h | Praza Cervantes | Infantil e familiar | Galego

Canta, buguina, canta | Marta Ortiz | 19 h | Palco música da Alameda | Bebés | Galego

Contares da terra e do mare | Thomas Bakk | 21:30 h | Bonaval | Adultos | Portugués

Que fan os *fang* cando contan contos | Marcelo Ndong | 21:30 h | Bonaval | Adultos | Castelán e galego

4 de xullo

Contos de arrepío | Sofía Maul | 21:30 h | Cemiterio Bonaval | Adultos | Portugués

7 de xullo

Contos de aquí e de acolá | Fátima Fernández | 18 h | CSC Romaño | Infantil | Galego

Rutas narradas polas gárgolas de Compostela | Marga Albores | 19 h | Roteiro | Adultos | Galego

Un feixe de contos | Cris de Caldas | 21:30 h | Xardín do Claustro do Museo do Pobo Galego | Adultos | Galego

8 de xullo

Proxección do documental "Manoliño Nguema" e charla-coloquio | Con o protagonista, Marcelo Ndong, e a guionista, Rocío Cadahía | 19 h | Museo do Pobo Galego | Adultos | Galego-castelán

9 de xullo

Animaliños | Ramiro Neira | 12 h | Carballeira de Conxo | Infantil | Galego

10 de xullo

Historias de andantes | Avelino González e Pep Bruno | 21 h | Colexiata de Sar | Adultos | Castelán e galego

PROGRAMA SANXENXO

Ramona Órbita a dona do tempo | Pakolas | 9 xullo | 21 h | Casa Mariñeira Don Fernando | Infantil e familiar | Galego

PROGRAMA TEO

Caderno de últimas voces | José Luis Gutiérrez 'Guti' e Leticia Ruifernández | 8 xullo | 21 h | Carballeira de Francos | Adultos | Castelán

Cando viaxou unha lingua de lume nun carro de herba seca? | Celso F. Sanmartín | 9 xullo | Hora por confirmar | Teleclub de Luou | Adultos | Galego

Ramona Órbita a dona do tempo | Pakolas | 10 xullo | Hora por concretar | Burga de Xermeade | Infantil e familiar | Galego

PROGRAMA VALGA / SAN MIGUEL

2 pasos, 25 pesetas | Lorena Pinheiro | 3 de xullo | 20 h | Capela dos Martores | Adultos | Galego

O EQUIPO

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Soledad Felloza

PROMOVE

Festival Atlántica

COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN

Soledad Felloza

Orzo Abrunheiras

Tati García

GABINETE ECONÓMICO

Festival Atlántica

IMAXE, DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN

Ekinocio Comunicación

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO WEB

Álex Bragaña

COMUNICACIÓN E PRENSA

Beatriz Pérez

DOCUMENTACIÓN

M. Gago

ASESORÍA LINGÜÍSTICA

Pilar Corral, María Uzal

FOTOGRAFÍA

Mino Andrade, Amparo Portabales, Xaime Cortizo

COORDINACIÓN CENTROS DE ENSINO

Festival Atlántica

VOLUNTARIADO

Ele Brea, María Uzal, Isa Bandín, Mon Serodio e toda a xente das Asociacións Culturais e Patrimoniais que este ano navegan connosco.



CONTACTO

Soledad Felloza

635 95 28 20

festivalatlantica@gmail.com

festivalatlantica.gal

facebook.com/festivalatlantica

[@FestAtlantica](https://twitter.com/FestAtlantica)